



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Persoal

Convocatoria selección personal 1 praza de policía por mobilidade (OEP 2020)

ANUNCIO

Expediente núm. 2022/E001/000011

No procedemento de referencia foi ditado o Decreto núm. 1805/2023, do 14 de agosto (expediente 2023/G003/001856), que é do teor literal seguinte:

“DECRETO DA ALCALDESA EN FUNCÍONS

ANTECEDENTES DE FEITO

- Providencia da a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego, de data 12/09/2022 de inicio do procedemento para a provisión, pola quenda de mobilidade, dunha praza de policía, do corpo da Policía Local, incluída na oferta de emprego público de 2020 (OEP 2022, aprobada mediante acordo da Xunta de Goberno Local (XGL) adoptado en sesión extraordinaria urxente que tivo lugar o 23 de decembro de 2020 e publicado no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP núm. 223, do 29/12/2020).

- Proposta de bases, asinada pola concelleira-delegada de Área en data 02/12/2022, remitida, a través de oficio de igual data, á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior (DXEI), para a emisión do informe preceptivo establecido no artigo 43.5 da Lei 4/2017, do 20 de abril, de coordinación de policía locais (de Galicia).

- Informe remitido pola DXEI en data 14/12/2022, no que se efectúan algunhas observacións sobre as bases, para a súa modificación.

- Proposta definitiva de bases, subscrita o 02/01/2023 pola concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego.

- Informe xurídico do funcionario técnico de administración xeral (TAX), que leva data do 04/01/2023.

- Informe de fiscalización núm. 04/2023, do 9 de xaneiro, emitido pola Intervención Municipal.

- Decreto 92/2023, do 11 de xaneiro, polo que se resolve convocar a meritada praza e se aproban as bases reitoras da convocatoria.

- Publicación da convocatoria e bases no BOP núm. 11, do 17/01/2023.

- Publicación dun extracto da convocatoria no DOG núm. 23, do 02/02/2023.

- Anuncio da convocatoria no BOE núm. 44 do 21702/2023, que sinala o inicio do período de presentación de solicitudes (desde o 22 de febreiro até o 21 de marzo de 2023, ambos os dous días incluídos).

- Solicitudes de participación no proceso selectivo presentadas por dous aspirantes.

A través do Decreto núm. 1465/2023, do 27 de xuño (expediente 2023/G003/001165), procedeuse á aprobación da lista provisional, co resultado de ningunha persoa admitida e dúas excluídas. Esta resolución foi publicada no BOP núm. 125, do 03/07/2023.

Durante o prazo concedido para o efecto o aspirante Iván Pérez Soto presentou un escrito de alegacións contra a súa exclusión, que foi remitido por esta entidade local á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior (DXEI), da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Mediante escrito do 21/07/2023 a referida Dirección Xeral ratifica o seu criterio exteriorizado a través de correo electrónico, no sentido de considerar que o funcionario concernido non reúne o requisito de levar máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino.

Todo o anterior obriga a ditar unha resolución na que se exclúa con carácter definitivo aos dous aspirantes e, asimismo, a declarar deserta a convocatoria.

FUNDAMENTOS LEGAIS

A base núm. 4 das reitoras da convocatoria, sinala:

“4. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

4.1. Lista provisional.

Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, a Concellaría Delegada de Recursos Humanos, Industria e Emprego ditará resolución na que se declarará aprobada a lista provisional das persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta resolución publicarase no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP) e no taboleiro de anuncios electrónico do Concello das Pontes de García Rodríguez. (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>)

4.2. Prazo de reclamacións.

As persoas aspirantes non admitidas disporán dun prazo de dez días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no BOP co fin de emendar o defecto que motivara a súa exclusión. Neste prazo as persoas eventualmente omitidas poderán alegar a súa falta de inclusión.

4.3. Lista definitiva.

Logo de rematado o prazo de reclamacións, a Concellaría Delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego ditará resolución na que se aprobará a lista definitiva do persoal aspirante admitido e do excluído. Esta resolución publicarase no BOP e no taboleiro electrónico da entidade local.”

A Alcaldía resulta competente para o ditado da presente resolución, por mor das atribucións que lle outorga o artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL). Porén, a través do decreto 1529/2023, do 5 de xullo, de delegación de competencias nos membros da Corporación Municipal (BOP núm. 133, do 13/07/2023) tal atribución foi delegada no concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos.

Mediante o Decreto núm. 1733/2023, do 28 de xullo, estableceuse o calendario de substitucións nas funcións da Alcaldía durante o mes de agosto de 2023 (BOP núm. 147, do 03/08/2023) e, así, do 14 ao 20 de agosto, correspóndelle a Elena López Seco, terceira tenente de alcalde, asumir as funcións da Alcaldía e do resto de Tenencias de Alcaldía.

Por todo o anteriormente exposto, a través do presente decreto, RESOLVO:

1º **Aprobar a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas** no proceso selectivo para a provisión dunha (1) praza de policía, do Corpo da Policía Local, pola quenda de mobilidade, incluída na oferta de emprego público de 2020 (OEP 2020):

a) Persoas aspirantes **admitidas**:

Ningunha

b) Persoas aspirantes **excluídas**:

1. Bustabad Santiago, Daniel con DNI *0722****

Causa de exclusión:

- Non acredita levar máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino -base2.1.e) das reitoras da convocatoria-

2. Pérez Soto, Iván, con DNI *2453****

Causa de exclusión:

- Non acredita levar máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino -base2.1.e) das reitoras da convocatoria-

2º). Declarar **deserta** a convocatoria para a provisión duna praza de policía, do corpo da Policía Local do Concello das Pontes de García Rodríguez, pola quenda de mobilidade.

3º) Publicar a presente resolución no BOP e no taboleiro electrónico municipal ((<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>))

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) . Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso

contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, a contar dende o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do Contencioso-administrativo, efectuando a persoa demandante a elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Malia o anterior, poderá impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, a teor da elección permitida á persoa demandante polo artigo 14.1, regra segunda, da meritada Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpor calquera outro recurso que estime procedente ou conveniente.”

As Pontes de García Rodríguez, 16 de agosto de 2023

A alcaldesa en funcións

Elena López Seco

2023/6782